



CONC . VIGO
Contabilidade/orzamentos

Expediente 452/143

Asunto: Cálculo custos de actividades e criterios de imputación de custos, CONTA XERAL 2025

INFORME SOBRE O SISTEMA DE CONTABILIDADE DE CUSTOS DO CONCELLO DE VIGO

1. Obxecto do informe

O presente informe ten por obxecto describir, analizar e xustificar o sistema de contabilidade de custos implantado na entidade local, así como os criterios utilizados para a identificación, clasificación e imputación dos custos ás diferentes actividades e servizos municipais, de acordo coa normativa vixente e cos principios de racionalidade económica, transparencia e eficiencia na xestión do gasto público.

2. Marco normativo

O sistema de contabilidade de custos adopta como referencia:

- Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que establece a obriga de calcular o custo efectivo dos servizos.
- Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se regulan os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.
- Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (ICAL).
- Normativa sectorial específica en materia de clasificación orzamentaria, xestión económico-financeira e control interno.

3. Obxectivos da contabilidade de custes

A implantación dun sistema de contabilidade de custos persegue os seguintes obxectivos:

1. Determinar o custo real e completo dos servizos prestados pola entidade local.
2. Mellorar a eficiencia na asignación dos recursos públicos, identificando áreas con potencial de optimización.
3. Servir de base para a toma de decisións en materia de planificación, financiamento e priorización de políticas públicas.
4. Permitir a avaliación da sustentabilidade económica dos servizos obrigatorios e non obrigatorios.
5. Dar cumprimento á normativa sobre custo de actividade efectivo e facilitar a elaboración de informes económico-financeiros.
6. Reforzar a transparencia, permitindo ao cidadán coñecer o custo real dos servizos municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 1 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Metodoloxía e estrutura do sistema de custos

O sistema estrutúrase en dúas fases principais:

4.1. Identificación e clasificación dos custos

Os custos clasifícanse en dúas categorías:

a) Custos directos

Son aqueles imputables de maneira inmediata e específica a cada actividade. Inclúen:

- Custos de persoal afecto ás actividades.
- Servizos exteriores asociados directamente.
- Tributos específicos.
- Amortizacións de bens directamente relacionados coa actividade.
- Custos financeiros vinculados.
- Transferencias finalistas asociadas á actividade.
- Outros custos directamente atribuíbles.

b) Custos indirectos

Corresponden a custos xerais de administración, dirección e xestión, necesarios para o funcionamento global da entidade pero non atribuíbles a unha actividade concreta sen un criterio de repartición.

Inclúense neste grupo:

- Programas 920 a 929 (Administración Xeral).
- Gastos de estrutura, coordinación, TIC, contratación, recursos humanos, intervención e outros servizos xerais.

A súa distribución realízase conforme ao criterio proporcional establecido pola Orde HAP/2075/2014.

4.2. Metodoloxía de imputación

a) Custos directos

Imputación directa a cada actividade, tomando como referencia:

- Datos da liquidación orzamentaria.
- Informes de horas e dedicación do persoal.
- Identificación de partidas específicas asociadas (capítulos 1, 2, 4, 7...).
- Coeficientes de amortización calculados conforme á contabilidade da entidade.

b) Custos indirectos

Distribúense entre as actividades mediante un criterio proporcional ao volume de gasto, tal como establece a Orde HAP/2075/2014:

“Os gastos recollidos nos grupos de programas relativos á Administración Xeral imputaranse proporcionalmente a cada programa atendendo ao seu volume de gasto respecto do gasto total da entidade.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 2 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o exercicio 2025, os gastos xerais dos programas 9200 a 9209 ascenden a 16.905.931,54 €, sendo distribuídos entre as distintas actividades en función do peso relativo destas no gasto total municipal.

5. Aplicación práctica ás actividades municipais

Para cada servizo e actividade realízase:

1. Identificación do centro de custo e do programa orzamentario de referencia.
2. Determinación do custo directo, desagregado por elementos do gasto.
3. Cálculo da porcentaxe que representa cada actividade respecto do gasto total da entidade e respecto do seu centro de custo.
4. Asignación dos custos indirectos mediante o criterio proporcional.
5. Obtención do custo total da actividade ou servizo.
6. No seu caso, incorporación de ingresos asociados (taxas, prezos públicos, achegas doutras administracións) para determinar a cobertura do custo.

Esta metodoloxía aplícase, por exemplo, ao Servizo de Alumeado Público e ao Servizo de Benestar Social, incluíndo as súas subactividades (Axuda no Fogar, RISGA, Teleasistencia, etc.), segundo o detalle recollido no documento técnico de análise.

6. Memoria xustificativa dos custes das actividades analizadas relativas o ano 2025

Para o cálculo dos custos das actividades incluídas nas notas 26 e 27 da Memoria da Conta Xeral, o primeiro paso consiste na identificación e desagregación dos centros de custo, de acordo coa estrutura funcional establecida no orzamento de gastos municipal.

Unha vez definidos os centros de custo, procédese á determinación das actividades finalistas, entendidas como unidades operativas ás que se lles imputarán os recursos consumidos. Cada actividade pode estar vinculada a un ou varios centros de custo, e, de igual modo, un centro de custo pode dar soporte a unha ou varias actividades finalistas.

Para que un órgano ou unidade administrativa poida ser considerado centro de custo, debe reunir as seguintes características:

- constituír unha unidade orgánica diferenciada dentro da estrutura municipal;
- realizar funcións ou prestacións específicas, claramente delimitadas;
- dispoñer dun responsable identificado no organigrama do Concello, encargado da súa xestión e control operativo.

A definición das actividades realízase atendendo ao conxunto de actuacións orientadas á prestación dun servizo ou resultado administrativo perfectamente identificable, significativo e susceptible de medición, tanto en termos de volume de actividade como de recursos consumidos.

Este enfoque permite unha asignación rigorosa dos custos, garantindo a trazabilidade dos recursos empregados e facilitando a avaliación da eficiencia e eficacia dos servizos municipais.

Para o cálculo do custo das distintas actividades, diferéncianse dous grandes bloques: custos directos e custos indirectos.



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:15

Páxina 3 de 15

CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1. Custos directos

Enténdense como aqueles custos imputables a cada actividade de maneira inmediata e específica, procedentes dun ou varios centros de custo. Detállanse a continuación os seus elementos:

1.1. Custos de persoal

Obtéñense a partir dos datos do orzamento de gastos do programa correspondente, incorporando todos os conceptos retributivos que conforman este custo (retribucións básicas, antigüidade, complemento específico, complemento de destino, cotizacións á Seguridade Social). As horas extraordinarias e gratificacións determínanse conforme ao informe emitido pola area de recursos humanos. A distribución deste custo entre as actividades vinculadas ao centro correspondente realízase en función do tempo de dedicación asignado a cada unha delas.

1.2. Servizos exteriores

Imputación directa das partidas orzamentarias do capítulo 2 asociadas especificamente a cada actividade.

1.3. Tributos

Inclúense os tributos estatais e autonómicos directamente relacionados coa actividade correspondente.

1.4. Custos calculados

Recóllese neste apartado a amortización anual dos bens mobles e inmoables. Dado que non existe unha asignación individualizada dos bens por actividade ou centro, emprégase un criterio de reparto proporcional: calcúlase un coeficiente resultante da relación entre o gasto da actividade e o gasto total da entidade, aplicando sobre a cota total de amortización rexistrada na contabilidade que para o exercicio 2025 ascende a 33.975.391,00 €.

1.5. Custos financeiros

Inclúense os gastos derivados de xuros ou outros custos de financiamento atribuíbles ás actividades.

1.6. Custos por transferencias

Recóllense as partidas correspondentes aos capítulos 4 e 7 do orzamento de gastos que gardan relación directa coa actividade.

1.7. Outros custos

Inclúense neste epígrafe aqueles custos que, sendo directos, non están recollidos nos apartados anteriores.

2. Custos indirectos

Recollen os custos de carácter transversal (administración, dirección, servizos xerais, etc.) que deben ser imputados ás actividades mediante un criterio de repartición.

Para o seu cálculo utilízase o criterio establecido na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se determinan os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais. Segundo esta normativa, *“os gastos recollidos nos grupos de programas relativos á Administración Xeral das políticas de gasto imputaranse proporcionalmente a cada grupo de programas atendendo ao seu volume de gasto”*.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:15

Páxina 4 de 15

452-143

CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En consecuencia, os gastos correspondentes aos programas 9200 a 9209, que no exercicio 2025 ascenden a 16.905.931,54 €, repártense entre as actividades —desagregados polos seus elementos de custo— en proporción ao volume de gasto de cada actividade respecto do gasto total do Concello.

En base ao exposto anteriormente, procédese á análise das distintas actividades recollidas nas Notas 26 e 27 da Conta Xeral do exercicio 2025:

1. Servizo de Alumeado Público

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1650 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 2,21 % do custo total da entidade, cun importe de 8.641.343,27 € con un descenso do 8,22% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 6,62 % e os de servizos exteriores con un 82,90 % do total.

2. Servizo de Benestar Social

Para este servizo empréganse os datos do programa 2310 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 6,02 % do custo total da entidade cun importe global de 23.560.890,26 €. En base o informe técnico do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:

2.1. Axuda no Fogar

Representa o 2,91% do custo total da entidade e o 48,33 % do custo do centro, cun importe de 11.386.821,14 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 11,88 % do persoal do centro, imputándose tamén a totalidade da partida 2310.2279901.

Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 1.400.507,34 €, acadando unha cobertura do 12,30 % do custo da actividade.

2.2. Programa Socioeducativo e Apoio Familiar

Representa o 0,32 % do custo da entidade e o 5,28 % do custo do centro, cun importe de 1.244.388,93 €. Destínase a esta actividade o 6,47 % do persoal do centro e imputándose a totalidade da partida 2260907 do programa 2310,.

2.3. Axudas a Familias (alugar, vivenda, alimentos, etc.)

Representa o 0,53 % do custo da entidade e o 8,85 % do custo do centro, cun custo de 2.085.131,61 €. Segundo o informe do servizo, adscribese á actividade o 20,50 % do persoal do centro e impútanse integramente as partidas 4800000 e 7800000 do programa 2310,

2.4. Servizo Centro Integral CIIES

Representa o 0,32 % do custo da entidade e o 5,37 % do custo do centro, ascendendo o importe a 1.266.277,06 €. Destínase o 1,25 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279913 do programa 2310.

2.5. Servizo de Axudas a Comedores, Becas e Libros

Representa o 0,66 % do custo da entidade e o 11,02 % do custo do centro, cun importe de 2.596.855,90 €. Destínase o 10,44 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 4810000 do programa 2310.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 5 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.6. Programa Xantar na Casa

Representa o 0,05 % do custo da entidade e o 0,75 % do custo do centro, cun importe de 176.359,53 €. Destínase o 1,09 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 4539000 do programa 2310.

2.7. Servizo de Información RISGA

Representa o 0,28 % do custo da entidade e o 4,65 % do custo do centro, cun importe de 1.096.070,30 €. O servizo destina á actividade o 26,31 % do persoal do centro.

2.8. Servizo de Información á Dependencia

Representa o 0,10 % do custo da entidade e o 1,68 % do custo do centro, cun importe de 773.124,07 €. Destínase o 9,49 % do persoal do centro a esta actividade.

2.9. Programa Coidadores de Barrio

Representa o 0,20% do custo da entidade e o 3,28 % do custo do centro, cun importe de 702.692,54 €. Destínase o 1,25 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279902 do programa 2310.

2.10. Teleasistencia

Representa o 0,09 % do custo da entidade e o 1,42 % do custo do centro, cun importe de 334.843,17 €. Destínase o 4,52 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279911 do programa 2310,

2.11. Programa Convenio Comedores/Alimentos

Representa o 0,15 % do custo da entidade e o 2,43 % do custo do centro, cun importe de 572.494,63 €. Destínase o 1,25 % do persoal do centro e imputase a totalidade das partidas 4890001-4890014 do programa 2310,

2.12. Programa Cidade Amiga das Persoas Maiores

Representa o 0,07 % do custo da entidade e o 1,11 % do custo do centro, cun importe total de 261.284,06 €. O servizo destina o 2,18 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2260902 do programa 2310,

2.13. Programa de migración

Representa o 0,02 % do custo da entidade e o 0,39 % do custo do centro, cun importe de 91.663,84 €. Destínase a esta actividade o 2,18 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279917 do programa 2310.

2.14. Programa de Formación

Representa o 0,02 % do custo da entidade e o 0,27 % do custo do centro, cun importe de 62.610,32 €. Destínase a esta actividade o 0,50 % do persoal do centro e imputase a totalidade da partida 2279914 do programa 2310.

2.15. Cofinanciamento centros de día

Representa o 0,11 % do custo da entidade e o 1,75 % do custo do centro, cun importe total de 412.228,82 €. O servizo destina a totalidade da partida 4510000 do programa 2310.

2.16. Outros convenios

Representa o 0,17 % do custo da entidade e o 2,75 % do custo do centro, cun importe de 647.358,49 €. Destínase a esta actividade o 0,50 % do persoal do centro.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:15

Páxina 6 de 15

452-143

CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

2.17. Outros servizos de Benestar social

Representa o 0,04 % do custo da entidade e o 0,67 % do custo do centro, cun importe de 157.876,22 €. Inclúense o resto dos servizos prestados non incluídos nos epígrafes anteriores.

3. Servizo de Biblioteca

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3321 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,26 % do custo total da entidade, cun importe de 1.023.598,36 € e un incremento do 11,90% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 34,57 % e os de servizos exteriores con un 54,96 % do total.

4. Servizo de Cimetérios

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1640 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,35 % do custo total da entidade, cun importe de 1.377.029,69 € e un incremento do 3,07% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 34,57 % e os de servizos exteriores con un 54,96 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 146.676,70 €, acadando unha cobertura do 10,65 % do custo da actividade.

5. Equipamentos culturais

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3331 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,24 % do custo total da entidade, cun importe de 957.353,70 € e un incremento do 11,58% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os servizos exteriores con un 46,36 % e as transferencias con un 40,77 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 88.848,85 €, acadando unha cobertura do 9,28 % do custo da actividade.

6. Escola de Artes e Oficios

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3261 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,34% do custo total da entidade, cun importe de 1.320.665,67 € e un incremento do 20,58% respecto a ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os custos de persoal con un 69,11 % e os de servizos exteriores con un 20,42 % do total.

7. Servizo de Educación

Para este servizo empréganse os datos dos programas 3200,3230,3231 e 3260 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 4,90 % do custo total da entidade cun importe global de 19.202.481,52 €. En base o informe do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 7 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.1. Mantemento de colexios

Representa o 2,27% do custo total da entidade e o 46,19 % do custo do centro, cun importe de 8.870.273,36 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 30% do persoal do programa 3200 e a totalidade de persoal do programa 3230, imputándose tamén a totalidade do capítulo 2 do programa 3230 exceptuando as partidas destinadas a escolas infantís, de música e teatro.

7.2. Escolas Infantís

Representa o 0,83% do custo total da entidade e o 16,94 % do custo do centro, cun importe de 3.252.066,17 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 20% do persoal do programa 3200, imputándose tamén as partidas 3230/2279904 (Lavadores), 3230/2279905 (Navia) , 3230/2279906 (Casco vello), 3230/2279907 (Saíans), 3230/2279908 (Teis), 3230/2279912 (Tomas Alonso), 3230/2279913 (Casiano Martínez), 3230/2279914 (Goldar), 3230/2279915 (Bembrive) e a partida do capítulo 4 3230/4510000. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 270.837,24 €, acadando unha cobertura do 8,33 % do custo da actividade.

7.3. Escolas de Música, Teatro, Danza e Música Tradicional

Representa o 0,30% do custo total da entidade e o 6,08 % do custo do centro, cun importe de 1.166.960,25 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 5% do persoal do programa 3200, imputándose tamén as partidas 3230/2279902 (Música), 3230/2279903 (Teatro) , 3260/2279926 (Danza) e 3260/2279918 (M. Tradicional), e a partida do capítulo 4 3230/4510000. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 262.828,34 €, acadando unha cobertura do 22,52 % do custo da actividade.

7.4. Aula UNED

Representa o 0,10% do custo total da entidade e o 2,10 % do custo do centro, cun importe de 402.620,00 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 13% do persoal do programa 3200, imputándose tamén a totalidade das partidas do capítulo II do programa 3231 e a partida 3231.4890000.

7.5. Programa de inmersión lingüística

Representa o 1,04% do custo total da entidade e o 21,20 % do custo do centro, cun importe de 4.071.453,05 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 15% do persoal do programa 3200, imputándose tamén a partida 3260/2279917 e a partida 3260.4890010. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 457.280,00 €, acadando unha cobertura do 11,23 % do custo da actividade.

7.6. Outros servizos de educación

Representa o 0,10% do custo total da entidade e o 2,10 % do custo do centro, cun importe de 402.620,00 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 17% do persoal do programa 3200, imputándose tamén a totalidade das partidas do capítulo II do programa 3260 excepto a partida 3260.2279917 e a totalidade das partidas do capítulo IV excepto a partida 3260.4890010.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 8 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. Festas populares

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3380 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,56 % do custo total da entidade, cun importe de 6.116.030,71 € e unha redución do 3,04% respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 70,64 % e os de Transferencias con un 13,16 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 436.213,00 €, acadando unha cobertura do 7,13 % do custo da actividade.

9. Servizo de Seguridade e mobilidade

Para este servizo empréganse os datos do programa 1330 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 3,59 % do custo total da entidade cun importe global de 14.062.744,71 €. En base o informe do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:

9.1. Grúa municipal

Representa o 1,39% do custo total da entidade e o 38,66 % do custo do centro, cun importe de 5.436.260,19 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 3 % do persoal do centro e tamén se imputan os custos dos policía que acompañan a grúa. Imputase a totalidade da partida 1330/2279901. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 697.811,43 €, acadando unha cobertura do 12,84 % do custo da actividade.

9.2. Red semafórica

Representa o 1,72% do custo total da entidade e o 47,90 % do custo do centro, cun importe de 6.735.781,34 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 19 % do persoal do centro. Imputase a totalidade das partidas 1330/2210000 e 1330/2279903.

9.3. Outros servizos de seguridade

Representa o 0,48% do custo total da entidade e o 13,44 % do custo do centro, cun importe de 1.890.703,18 €. Segundo o informe do servizo, destínase a esta actividade o 78 % do persoal do centro. Imputase a totalidade das partidas do capítulo II excepto as partidas indicadas nos puntos 7,1 e 7,2. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 40.395,50 €, acadando unha cobertura do 2,14 % do custo da actividade.

10. Servizo de Igualdade de Xénero

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 2311 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,44 % do custo total da entidade, cun importe de 1.711.557,57 € e un incremento do 16,03% respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 36,39 % e os de Transferencias con un 27,62 % do total.

11. Instalacións deportivas municipais

Para este servizo empréganse os datos do programa 3420 da liquidación do orzamento de 2025, representando o 2,79 % do custo total da entidade cun importe global de 10.937.326,62 €. En base o informe do xefe do servizo, desagregase este custo nas seguintes actividades:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/04/2026 10:15

Páxina 9 de 15

452-143

CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

11.1. Programa escolas deportivas

Representa o 0,24% do custo total da entidade e o 8,60 % do custo do centro, cun importe de 940.338,81 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 21,29% e os de servizos exteriores co 68,24%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 120.860,87 €, acadando unha cobertura do 12,85 % do custo da actividade.

11.2. Piscina de travesas

Representa o 0,57% do custo total da entidade e o 20,51 % do custo do centro, cun importe de 2.243.375,60 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,81% e os de servizos exteriores co 86,71%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 571.358,79 €, acadando unha cobertura do 25,47 % do custo da actividade.

11.3. Piscina de lavadores

Representa o 0,36% do custo total da entidade e o 12,99 % do custo do centro, cun importe de 1.421.304,53 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,97% e os de servizos exteriores co 86,76%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 277.080,67 €, acadando unha cobertura do 19,49 % do custo da actividade.

11.4. Piscina de Teis

Representa o 0,28% do custo total da entidade e o 10,08 % do custo do centro, cun importe de 1.102.350,93 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,97% e os de servizos exteriores co 86,56%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 220.688,63 €, acadando unha cobertura do 20,02 % do custo da actividade.

11.5. Piscina de Valadares

Representa o 0,26% do custo total da entidade e o 9,16 % do custo do centro, cun importe de 1.001.584,33 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 2,83% e os de servizos exteriores co 60,21%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 123.986,32 €, acadando unha cobertura do 12,38 % do custo da actividade.

11.6. Ximnasio do Carme

Representa o 0,12% do custo total da entidade e o 4,47 % do custo do centro, cun importe de 489.299,03 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 29,32% e os de servizos exteriores co 86,70%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 56.968,61 €, acadando unha cobertura do 11,64 % do custo da actividade.

11.7. Ximnasio do Berbés

Representa o 0,12% do custo total da entidade e o 4,29 % do custo do centro, cun importe de 489.299,03 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 30,49% e os de servizos exteriores co 59,04%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 37.898,55 €, acadando unha cobertura do 8,08 % do custo da actividade.

11.8. Outras Instalación deportivas

Representa o 0,84% do custo total da entidade e o 29,90 % do custo do centro, cun importe de 3.270.090,09 €. Segundo o informe do servizo, os gastos mais significativos son os de persoal co 39,92% e os de servizos exteriores co 49,61%. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 612.101,92 €, acadando unha cobertura do 18,72 % do custo da actividade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 10 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12. Limpeza viaria.

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1630 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 6,68 % do custo total da entidade, cun importe de 26.138.876,91 € e un incremento do 10,09% respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 86,52 % e os de persoal con un 3,00 % do total.

13. Recollida e tratamento do lixo.

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos dos programas 1621 e 1622 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 9,13 % do custo total da entidade, cun importe de 35.752.507,51 € e un incremento do 14,47 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 86,52 % e os de persoal con un 3,00 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 21.123.751,92 €, acadando unha cobertura do 59,08 % do custo da actividade.

14. Servizo de museos

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3330 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,92 % do custo total da entidade, cun importe de 3.611.404,56 € e un incremento do 20,54 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 49,22 % e os de transferencias con un 26,86 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 520,00 €, acadando unha cobertura do 0,01 % do custo da actividade.

15. Servizo de normalización lingüística

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3341 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,05 % do custo total da entidade, cun importe de 213.658,06 € e un incremento do 20,54 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 66,07 % e os de persoal con un 23,45 % do total.

16. Servizo de parques e xardíns

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1710 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 3,11 % do custo total da entidade, cun importe de 12.184.824,40 € e un incremento do 12,37 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 80,58 % e os de persoal con un 8,94 % do total.

17. Servizo de vías e obras

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1532 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 3,11 % do custo total da entidade, cun importe de 8.299.866,81 € e un incremento do 17,69 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 59,87 % e os de persoal con un 29,65 % do total.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 11 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

18. Servizo de promoción cultural

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3340 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,62 % do custo total da entidade, cun importe de 2.445.262,07 € e un incremento do 11,40 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 25,52 % e os de transferencias con un 47,75 % do total.

19. Servizo de promoción do deporte

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3410 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,13 % do custo total da entidade, cun importe de 4.424.159,43 € e un incremento do 14,02 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 7,18 % e os de transferencias con un 78,30 % do total.

20. Servizo de protección civil

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1350 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,13 % do custo total da entidade, cun importe de 183.357,45 € e un incremento do 17,80 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 32,85 % e os de persoal con un 56,68 % do total.

21. Servizo de patrimonio histórico

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3360 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,32 % do custo total da entidade, cun importe de 1.240.782,98 € e un incremento do 15,21 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 46,33 % e os de persoal con un 36,86 % do total.

22. Servizo de policía municipal

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1320 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 6,59 % do custo total da entidade, cun importe de 25.784.547,09 € e un incremento do 21,22 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 5,14 % e os de persoal con un 84,38 % do total (non se computan neste servizo o gasto dos policías que acompañan a grúa municipal por estar este gasto incluído no servizo de grúa). Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 27.039,90 €, acadando unha cobertura do 0,10 % do custo da actividade.

23. Servizo de extinción de incendios

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1360 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 2,67 % do custo total da entidade, cun importe de 10.449.195,34 € e un incremento do 21,22 % respecto o ano 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 12 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 9,01 % e os de persoal con un 80,52 % do total.

24. Parque zoológico

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3371 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,41 % do custo total da entidade, cun importe de 1.592.830,11 € e un incremento do 6,84 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 41,98 % e os de persoal con un 47,55 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 108.142,90 €, acadando unha cobertura do 6,79 % do custo da actividade.

25. Centro de drogodependencia (CEDRO)

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3112 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,41 % do custo total da entidade, cun importe de 1.822.584,27 € e un incremento do 13,89 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 57,08 % e os de persoal con un 26,13 % do total.

26. Servizo de laboratorio municipal

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3110 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,09 % do custo total da entidade, cun importe de 345.586,39 € e un incremento do 17,18 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 27,64 % e os de persoal con un 61,89 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 4.540,70 €, acadando unha cobertura do 1,31 % do custo da actividade.

27. Servizo de medio ambiente

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1721 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,47 % do custo total da entidade, cun importe de 1.848.116,91 € e un incremento do 31,40 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 60,59 % e os de persoal con un 28,94 % do total.

28. Servizo de emprego

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 2410 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,12 % do custo total da entidade, cun importe de 4.392.124,73 € e unha redución do 2,92 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de transferencias con un 36,76 % e os de persoal con un 42,84 % do total.

29. Servizo de sanidade

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3113 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,11 % do custo total da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 13 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

entidade, cun importe de 417.924,21 € e un incremento do 5,85 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 8,49 % e os de persoal con un 81,04 % do total.

30. Servizo de xuventude

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 3370 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,33 % do custo total da entidade, cun importe de 1.278.526,29 € e un incremento do 12,68 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 64,30 % e os de persoal con un 13,60 % do total.

31. Servizo de comercio

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos dos programas 4300 e 4310 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 1,16 % do custo total da entidade, cun importe de 4.548.907,24 € e un incremento do 15,80 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 85,31 % e os de persoal con un 4,21 % do total.

32. Servizo de turismo

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 4320 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,83 % do custo total da entidade, cun importe de 3.236.036,72 € e un incremento do 52,84 % respecto o ano 2024. Os gastos mais significativos deste servizo son os de servizos exteriores con un 57,14 % e os de transferencias con un 26,20 % do total.

33. Servizo de vixilancia de praias

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do programa 1720 da liquidación do orzamento de 2025. Esta actividade representa o 0,27 % do custo total da entidade, cun importe de 1.066.383,82 € e un incremento do 20,58 % respecto o ano 2024. O gasto mais significativos deste servizo e o de servizos exteriores con un 87,13 % do total.

34. Transporte urbano

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do informe de auditoría referidos a actividade da empresa no termino municipal de Vigo. O custe desta actividade para o ano 2025 ascende a 35.407.901,00 € .Os gastos mais significativos son os de persoal co 45,07% e os de adquisición de bens e servizos co 35,51 % do total. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 44.169.515,00 €, acadando unha cobertura do 124,74 % do custo da actividade.

35. Abastecemento e saneamento de auga

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos subministrados por a empresa concesionaria referidos a actividade no termino municipal de Vigo. O custe desta actividade para o ano 2025 ascende a 53.358.161,79 € . Os gastos mais significativos son os de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/04/2026 10:15	Páxina 14 de 15
452-143	CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

persoal e os de adquisición de bens e servizos co 14,29% e o 52,77 % do total respectivamente. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 52.714.157,52 €, acadando unha cobertura do 98,79 % do custo da actividade.

36. Instalacións deportivas (concesións de AQA e MQA)

Para a determinación do custo desta actividade utilízanse os datos do informe de auditoría referidos a actividade da empresa no termino municipal de Vigo. O custe desta actividade para o ano 2025 ascende a 53.358.161,79 €. Os gastos mais significativos son os de persoal e os de adquisición de bens e servizos co 14,29% e o 52,77 % do total respectivamente. Os ingresos asociados a esta actividade ascenden a 6.555.808,16 €, acadando unha cobertura do 105,41 % do custo da actividade.

Utilidade dos resultados obtidos

O sistema de custes permite á entidade:

- Coñecer o custo completo de cada servizo.
- Avaliar a súa eficiencia comparando exercicios e establecendo indicadores.
- Fixar taxas ou prezos públicos con fundamento económico.
- Analizar a suficiencia financeira e o grao de cobertura dos servizos.
- Mellorar a planificación e priorización do gasto público.
- Facilitar a rendición de contas e cumprir co principio de transparencia.

Conclusións

A implantación da contabilidade de custos proporciona unha ferramenta de xestión esencial para a administración local, permitindo unha visión integral do custo real dos servizos municipais. O sistema descrito cumpre coa normativa vixente, resulta operativo, verificable e garante unha asignación racional dos custos directos e indirectos ás actividades municipais. Os resultados obtidos constitúen un soporte obxectivo e rigoroso para a toma de decisións estratéxicas, a avaliación da eficiencia e o reforzo da transparencia na xestión pública.

O Responsable da Contabilidade analítica e custos

Jose González Rodríguez

Conforme: O Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario



Copia do documento - Concello de Vigo

452-143

Data impresión: 27/04/2026 10:15

Páxina 15 de 15

CSV: A1BFA4-8HC853-E923B9-DDKQ77-H1LG98-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>